



CORAL DE RUADA

ANO 2001


BOLETIN INTERNO DE CORAL DE RUADA

Nº 1



GRATITUDES

DE RUADA quere agradecer a quenes durante o ano 2000, lle prestaron a súa axuda económica e moral. E de unha maneira especial, ó Presidente da Deputación de Ourense, *Don José Luis Baltar Pumar*, sempre ó noso carón co aplauso e co respaldo económico. Que Ourense e Galicia llo paguen sempre.





Saudos amigos...

Voltamos co Boletín, o que fai o número un, a nos comunicar cos nosos amigos, cos ourensáns...

No pasado ano 2000, DE RUADA seguiu con normalidade as súas actuacións. Eiquí e acolá. Sempre coa diñidade que nos dan máis de oitenta anos de vida. Cos problemas propios de todo colectivo que desexa superarse. E DE RUADA, sempre se supera, inda nos momentos en que poidera parecer que calisquera atranco ía repercutir na boa marcha desta Coral.

Renovouse a Directiva –en parte–, tivemos actuacións destacadas como a do Ferrol no mes de maio “competindo” –e un dicir– coas corais irmáns: Cántigas da Terra da Coruña, Cantigas e Agarimos de Santiago e co Real Coro Toxos e Froles da cidade departamental que estaba a celebrar o seu oitenta e cinco aniversario. Triunfou DE RUADA nas súas actuacións en Zarautz (Guipuzcoa) e na xira por Andalucía: Sevilla, Huelva, Alcalá de Guadaira e na Isla Mágica. Tamén en Celanova...

Iniciamos o segundo semestre con nova dirección: Don Juan José Rumbao Requejo, que xa estivo na Coral fai anos. DE RUADA segue adiante, cos mesmos folgos de sempre. Co agarimo e maila armonía que lle dan os rexos homes e as ledas mozas. A nosa Coral está –estivo sempre– por enriba das persoas, que pasamos, máis DE RUADA segue, a Deus gracias.

Un garimoso saúdo prós nosos amigos e pra os ourensáns todos. Pra quenes vexan en DE RUADA un exemplo a seguir. Unha Coral irrepitible.

Mmanuel Rego Nieto

Presidente de Coral De Ruada

RESUMO DE ACTIVIDADES DO ANO 2000

28 de xaneiro: Tramítase o expediente de solicitude de subvención ante a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

5 de febreiro: Celébrase a Asamblea Xeral Ordinaria e maila Extraordinaria, con asistencia da totalidade dos coralistas. Na Extraordinaria sae elexida a Xunta de Goberno da Coral DE RUADA:

| | |
|---------------------------------|--|
| <i>Presidente:</i> | D. Manuel Rego Nieto |
| <i>Vicepresidente Primeiro:</i> | D. Eladio Quevedo Almoína |
| <i>Vicepresidente Segundo:</i> | D ^a María-José Outeiriño Boán |
| <i>Secretario General:</i> | D. Luis Mouriz Fernández |
| <i>Tesorero:</i> | D. Manuel-Angel Sánchez Pérez |
| <i>Interventor:</i> | D. Carmelo-Jesús Hernández Morán |
| <i>Archivero-Bibliotecario:</i> | D. Manuel Souto Prieto |
| <i>Vocales:</i> | D. Gerardo Gómez Gómez D ^a Balbina Vila Cid D. Julio Rivera Rodríguez |
| <i>Director Artístico:</i> | D. José M ^a González Alvarez |

17 de marzo: Concerto no Liceo Recreo Ourensán, co gallo do 150 aniversario desta prestixiosa colectividade. En dito acto, o Presidente da Coral, Manuel Rego Nieto, impuxolle as insiñas de Ouro o coralista don Gerardo Gómez Gómez e a de Prata o Delegado de Cultura, Don Felipe Ferreiro Feijóo. Tamén o noso presidente fíxolle entrega dun obsequio ó Liceo.



Romaria en Oseira

29 de marzo: Còral DE RUADA acorda apoiar a candidatura de monseñor Araujo

Iglesias, pra o premio "OTERO PEDRAYO 2000" convocado pola Deputación Provincial de Ourense.

16 de abril: DE RUADA canta na Misa Maior da capela das Airas (Moreiras-Toén), na celebración da festa da Ramallosa.

29 de abril: Actuación de DE RUADA na Universidade Laboral de Ourense, dentro dos actos conmemorativos do seu 25 aniversario.



**Actuación no Santuario dos Milagros
no oitenta aniversario de Monseñor Araujo Iglesias**

9 de maio: DE RUADA acorda adherirse ó expediente de honra que tramita o Concello de Ourense a quen fora seu cronista oficial, Don Alfredo Cid Rumbao.

17 de maio: DE RUADA canta a misa celebrada no santuario dos Milagros, coa nova do 80 aniversario de Monseñor Araujo Iglesias, bispo emérito de Mondoñedo-Ferrol.

27 de maio: DE RUADA desplázase ó Ferrol, pra participar nos actos organizados polo Concello ferrolán, a Delegación de Cultura e a Marina, no 85 aniversario do Real Coro TOXOS E FROLES.

10 de xuño: DE RUADA participa na Misa oficiada polo bispo da diocese Monseñor Osoro Sierra, na Catedral de Ourense, no 75 aniversario da Congregación das RR. Calasancias da Divina Pastora, e a intronización e bendición polo prelado, dun retablo coa imaxe de beato celanovense Faustino Miguez. De seguido e na capela do Santo Cristo, DE RUADA, canta na misa nupcial da coralista e vicepresidenta segunda, dona María -José Outeiriño Boán.

18 de xuño: Romaría en Oseira, onde DE RUADA armoniza a Eucaristia que preside Monseñor Araujo Iglesias. Acudiron moitos amigos da Coral e o grupo musical CANTIGAS DA TERRA da Coruña.

8 de xullo: DE RUADA canta no templo votivo de Fátima, no barrio do Couto ouren-

sán, con motivo do enlace dos coralistas María José Rey Fernández e José Manuel Ayude Besteiro.

11 de xullo: Actuación en Solveira de Paderne, con motivo do nomeamento dunha praza ó noso Presidente, Don Manuel Rego Nieto.

22 de xullo: Desplazamento a Zarautz (Guipuzcoa) pra actuar nos actos que a Asociación Carballeira, organiza no Día de Galicia.

11 ao 15 de outubro: Viaxe a Andalucía, convidados polo Lar Galego de Sevilla. Actuacións en Sevilla, Alcalá de Guadaira, Huelva e na Isla Mágica.

14 de novembro: Actuación no Edificio Cultural Simeón con motivo da inauguración dunha exposición de gravado de Julio Prieto Nespereira.

16 de decembro: Desplazamento a Celanova pra actuar no mosteiro de San Rosendo, xunto coa Coral Solpor, nun festival de panxoliñas.

30 de decembro: Tradicional concerto de Nadal patrocinado pola Delegación de Cultura, na Basílica Catedral de Ourense.



DE RUADA en Sevilla invitada polo Lar Galego da cidade hispalense

DIXERON DE NÓS

El público tuvo un excepcional protagonismo en el concierto que la coral ourensana ofreció en la Catedral

DE RUADA SEDUJO A LOS OURENSANOS

La actuación navideña de la Coral De Ruada en la Catedral de Ourense forma parte indiscutible del Nadal ourensano. Con el concierto de este año son ya diez las actuaciones que la agrupación ha ofrecido en el mismo lugar y en las mismas fechas.

Pero no por ser una actuación tradicional ha perdido interés entre los ciudadanos. Un hecho que quedó patente en este último concierto, en el que la Catedral lució un aspecto inmejorable: Lleno absoluto.

Una hora de música en directo desde que en la Catedral ourensana sonó el "Dadme albricias", un cancionero anónimo del siglo XVI que sirvió de punto de partida del concierto, y el conocido "Adeste Fideles", que puso el broche de oro a la actuación de la coral. Un final en el que el público tuvo mucho que "decir". Y es que en una de las partes de la obra, el director de la agrupación, Juan José Rumbao, se tornó hacia los asistentes, que se convirtieron en un improvisado añadido de la coral.

Entre una y otra partitura sonaron en la Catedral de Ourense piezas clásicas (Handel, Mendelson, Tchaikowsky...) y los inexcusables villancicos propios de estas fechas, algunos llegados de Inglaterra y Francia.

Si la actuación de la Coral De Ruada fue de por sí excepcional, cabe destacar también la participación de los tres solistas que colaboraron con la agrupación en este concierto navideño: María Otilia Muñoz, Gerardo Gómez y Alvaro Iglesias.

Al final todo se tradujo en una "estampa" de lujo: Buena música, en el marco incomparable de la Catedral de Ourense y con un público numeroso y participativo. "Chapeau" para la Coral De Ruada.

S. ESPINOSO
(La Región, 2-1-2001)



Faite amigo da Coral De Quada

Rúa da Paz, 9
32005 OURENSE